





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: San Pedro de Sorrizo ocupa gran parte da unidade; no nordeste aparece Santaia de Chamín; na esquina sudoeste faíno San Tomé de Monteagudo. Extensión: 2,64 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa rochosa prolongada cara ao interior por un anfiteatro ovalado e perfectamente delimitado por elevacións. Parece presentar unha orientación e desnivel tectónico, explicación á que parece contribuir o acoplamento do río ao extremo oriental do fondo aplanado da unidade. Tamén axuda a pensar nisto a disimetría nos contactos e pendentes das ladeiras leste e oeste. Máis abrupto o do leste e con maiores pendentes na vertente. A fronte costeira está representada por acantilados baixos e de teito plano ou en suave pendente, só diferentes nos extremos da unidade, onde as elevacións que cerran a unidade chegan practicamente ao mar. Estas delimitan a unidade a uns 125 m-130 m de altitude nos laterais e a uns 275 m no interior, ao sueste. En Gondreo, ao sueste, aparece un pequeno paso sobreelevado e aplanado como transición entre o fondo e o peche elevado da unidade.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aparecen dous tipos de materiais hercinianos: migmatitas na maior parte da unidade e un granito cataclástico nos extremos leste, sueste e sudoeste.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido definido por temperaturas medias anuais superiores a 14° C e precipitacións acumuladas de entre 1000 mm e 1200 mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5° C e os 13,5° C. Pola súa banda, a cabeceira do val principal, con preto de 300 m de altitude, define unha variante húmida do dominio xa que rexistra valores máximos de ata 1400 mm de precipitación.

OS SOLOS

Solos pouco evolucionados por mor da litoloxía e topografía da unidade. A metade baixa e media da vertente costeira presenta cambisoles eútricos, mentres a parte alta os pobres umbrisoles dísticos.


AS AUGAS

Unidade que desauga na masa de Augas Costeiras da costa de Lourido (20130). A rede fluvial, de escasa significación, discorre por un val principal de dirección SO-NE e pequenas valgadas laterais.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa baixa acantilada na que ademais do hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos, ten grande importancia o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Este aproveita a abundancia de coídos e plataformas rochosas. Algúns tramos de vertente próxima ás paredes acantiladas, menos transformados polo ser humano, presentan matogueira costeira das breixeiras secas europeas e secas costeiras atlánticas de *Erica vagans* (4030 e 4040). Unidade de intensa ocupación agraria, pero a ampla e suave valgada que a forma permite a existencia de áreas hidromorfas nas que se poden desenvolver os hábitats 6420 e 6430, de prados húmidos. Están acompañados por pequenos rodais ripícolas (91E0). Tamén aparecen pequenos bosquetes de recolonización con frondosas caducifolias e masas mixtas de frondosas autóctonas con eucaliptos e piñeiros, derivadas de antigas masas dos hábitats 9230 e 9260, é dicir, carballeiras e soutos. Nestas destaca a do Pazo das Covadas ou algunha no extremo máis interior da unidade.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predomina o uso agrario dominado por actividades agrícolas de autoconsumo, especialmente gramíneas (millo e trigo) e tubérculos (esencialmente pataca). En áreas de maior pendente aparece a matogueira, que en etapas posteriores da sucesión vexetal natural, son substituídas por bosquetes de recolonización. Noutros casos realízanse, sobre estes antigos campos de cultivo, actividades silvícolas que contrastan co tradicional aproveitamento forestal que se realizaba na zona, representado no bosque de carballos que aínda se conserva. A fronte costeira está caracterizada por acantilados ligados a un pequeno areal formado polo río e que, á súa vez, leva apareladas zonas hidromorfas de gran valor ecolóxico. Nas súas beiras pequenos redutos dun bosque de ribeira contrastan cos bosques mixtos de caducifolias e frondosas que funcionan como conectores cos ámbitos dominados polas repoboacións forestais das zonas máis elevadas.

MORFOLOXÍA

A disposición parcelaria da unidade responde a unha tipoloxía netamente rural, onde as parcelas son abertas e de pequeno tamaño, típicas dunha paisaxe de campos abertos. A unidade básica de asentamento é a aldea, como por exemplo O Igrexario de Sorrizo (considerado núcleo de identidade do litoral) xeralmente situada na zona de contacto entre as ladeiras e os espazos máis planos, establecéndose deste xeito a forma básica da estrutura parcelaria derivada da localización e morfoloxía dos asentamentos (edificacións de dúas plantas sen parcela pegada). Na actualidade o crecemento da poboación realízase de xeito diseminado ao redor destes núcleos primitivos. As parcelas destinadas a vivenda unifamiliar illada aumentan de tamaño e distribúense arredor das vías de comunicación. Pódese observar un incipiente cambio morfolóxico do modelo concentrado ao modelo lineal, un continuo urbanizado onde antes atopabamos aldeas con agras.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria xerarquízase ao redor da CP-0514, que une as vilas de Arteixo e Caión. Arredor dela aparecen varias estradas de escasa entidade e carácter rural, que evolucionaron a partir de antigas pistas de terra acomodándose ao devir dos tempos. Estas pistas que orixinalmente comunicaban os diferentes núcleos rurais, casos do Campo, O Seixo, Eirís ou A Lagoa, na actualidade diversifican as súas funcións, posto que ademais de manter a súa función primixenia tamén actúan como puntos de atracción para as novas edificacións que se sitúan nas súas marxes e como dinamizadores do territorio.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nas zonas máis elevadas da unidade aparecen restos arqueolóxicos vinculados a dous enclaves castrenses, que se sitúan estratexicamente nun lugar onde abundan os recursos naturais, caso do bosque primitivo coa proximidade dun río sumado á proximidade do mar como lugar de aprovisionamento complementario, unido á súa facilidade defensiva dado que se trata de atalaias naturais. Pola súa banda, o patrimonio arquitectónico aparece ligado á agricultura e a súa importancia histórica na zona. Muíños como o das Cobadas, ligado ao pazo do mesmo nome ou a presenza de hórreos no lugar, dan idea da importancia que o cultivo de especies como o millo tivo neste sector. Ao tempo aparecen interesantes mostras arquitectónicas ligadas a familias burguesas que estableceron aquí a súa residencia e que permanecen ata os nosos días, como a Casa da Laia ou a casa sita en Lagoa. Non existen tradicións de valor cultural salientables na zona.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Na actualidade, a unidade segue presentando o mesmo carácter rural de antano, sen apenas modificacións significativas na súa morfoloxía tanto no referido ao parcelario como á tipoloxía dos asentamentos, que segue mantendo unha identidade propia caracterizada pola presenza de aldeas. Dentro deste conxunto rural destaca o pequeno areal do Sorrizo situado nun entrante natural e que actúa como praia porto para as embarcacións tradicionais dos campesiños, un claro exemplo do xeito de vida dunhas xentes que souberon combinar os labores agrícolas co traballo no mar. O perfil costeiro preséntase como unha atalaia natural dende a que se pode contemplar o atlántico en todo o seu esplendor, e as actividades pesqueiras e de lecer que se desenvolven sobre el dentro dun ámbito tranquilo lonxe das grandes aglomeracións urbanas.

DINÁMICA DA PAISAXE


A tendencia da unidade non parece obedecer a ningún proceso de cambio, manténdose moi conservada a estrutura parcelaria e a tipoloxía e estrutura das edificacións. Non obstante, o crecemento dos núcleos rurais está a iniciar un proceso de transformación, aínda incipiente, e que parece tendente á dispersión das novas vivendas seguindo as vías de comunicación e ocupando aqueles terreos baldíos de usos agroforestais e próximos á costa.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

En termos xerais, a unidade presenta unha boa calidade paisaxística dada a súa organización e variedade de matices. Na presente unidade conviven características propias de rural interior de Galicia cun espazo litoral pouco alterado, onde os acantilados rochosos (dende punta da Martiña a punta Alta) e o pequeno areal costeiro situado no porto do Sorrizo achegan harmonía e definición a esta parte do litoral. A inclusión da unidade dentro da área de protección de figuras como o LIC Costa da Morte e o ZEPVN son un claro indicador das potencialidades turísticas e reflexo da diversidade paisaxística que se dá neste punto da costa. A paisaxe natural está ben conservada podendo distinguirse, ademais da zona acantilada, un pequeno bosque de ribeira e un rodal de carballos de grande interese ecolóxico. Entre eles, unha zona hidromorfa permite a proliferación de fauna asociada a espazos ripícolas que, empregando un pequeno curso de auga a modo de corredor, se despraza do interior á costa. Pola súa banda, o fondo escénico, dada a súa posición en forma de anfiteatro, contribúe a reforzar a identidade da unidade achegando calidade a toda a escena. Todo isto pode visualizarse dende o punto de observación coñecido como O Petón.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



